



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/E001/000005

Ref.: SEC

### **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA LISTA DE ESPERA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

#### **Sesión do día 18/10/2019: segundo exame da fase de oposición. Valoración da fase de concurso.**

Ás 08 horas e 55 minutos do día 18/10/2019, na sala de usos múltiples do *Edificio Cultural Municipal Doutor Dopeso*, nas Pontes de García Rodríguez, reúnen as persoas que a continuación se indican para integrar o tribunal encargado do proceso selectivo encamiñado á selección de persoal coa categoría de técnico de administración xeral coa condición de funcionario interino, que integrarán unha lista de espera á que acudir cando sexa necesario proceder ao seu nomeamento.

A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de aprobación mediante o Decreto 1157/2019, do 23 de xullo (BOP núm. 142, do 30/07/2019).

O Tribunal foi designado mediante o Decreto 1424/2019, do 20 de setembro, que tamén aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e fixou o lugar e a data e hora de realización do proceso selectivo.

O tribunal queda constituído como a seguir se indica:

- Presidenta:

Cristina Morán Monzo.

- Vogais:

Álvaro Luís Santodomingo González.

Federico María Suárez Cancelo.

Lucía Varela Martínez.

- Secretaria:

Marina Núñez Orjales.

Unha vez que as aspirantes accederon á sala, explicase o xeito de garantir o anonimato; tamén se explica que existen cinco exames, en cinco sobres numerados, dos que se debe elixir un. Unha das aspirantes elixe un número, o 3, que corresponde co sobre así numerado.

De seguido entregase o exercicio ás aspirantes, que teñen un prazo máximo de dúas horas para a súa resolución.

Finalizado o prazo de realización do exercicio, ás 11.05 h, e recollidos os exames en sendos sobres o tribunal procede á súa apertura; tales sobres conteñen os exercicios e un sobre pequeno coa identificación de cada aspirante.

Unha vez feita a valoración dos exames, o órgano de selección abre os sobres que conteñen a identificación de cada aspirante.

As cualificacións obtidas neste exame son as seguintes:

Aspirante	Puntuación
María Roca Vázquez	12 puntos
Ivón Carrodegua Rodríguez	11,25 puntos

Ambas aspirantes superan a fase de oposición, de acordo co previsto na 7.1.2.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/E001/000005

Ref.: SEC

De acordo coa base 7.2, o órgano de selección, verifica que as persoas aspirantes que superan a fase de oposición están en posesión do certificado Celga 4 ou o seu equivalente e declara a innecesariedade de efectuar a proba específica de coñecemento da lingua galega.

A continuación o tribunal valora os méritos da fase de concurso consonte ao contido na base 7.3 das bases que rexen a convocatoria. Os resultados son os seguintes:

Aspirante	Apartado a) (experiencia posto TAX)	Apartado b) (exames superados TAX)	Apartado c) (exames FHN)	Apartado d) (Integrar lista FHN interinos)	Apartado e) (formación)	Apartado f) (titulación superior)	Puntuación
María Roca Vázquez	---	0,75	---	---	1,5	---	2,25 puntos
Ivón Carrodegas Rodríguez	---	1,50	---	---	1,5	---	3 puntos

### PUNTUACIÓN DAS DÚAS FASES E RESULTADO FINAL:

Aspirante	DNI núm.	Fase de oposición	Fase de concurso	Puntuación total
María Roca Vázquez	***4609**	10,10 + 12: 22,10	2,25	24,35
Ivón Carrodegas Rodríguez	***0299**:	10 + 11,25: 21,25	3	24,25

O tribunal propón as anteriores aspirantes, de acordo coa orde decrecente de puntuación indicada, para a creación dunha lista de espera.

Contra a proposta de aprobados, publicación da lista de espera, etc., efectuada polo Tribunal de selección, as persoas aspirantes poderán interpor o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no prazo dun mes, perante a concelleira-delegada da Área de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, no prazo dun mes.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o presidente declara concluída a sesión, ás 12:15 h do día sinalado.

Do actuado redáctase esta acta que asinan dixitalmente a presidenta e a secretaria do órgano de selección.

As Pontes de García Rodríguez